

ENCONTRO MUNDIAL DE HUMORISMO

DO 28 DE ABRIL AO 7 DE MAIO • A CORUÑA

III EDICIÓN

EMHU



QUE É O EMHU?

O **Encontro Mundial de Humorismo** é a gran cita da comedia en directo de España. Durante dez días, o EMHU reúne na cidade da Coruña, nun único evento, as figuras e os espectáculos de humor máis relevantes do momento en España. Impulsado polas produtoras Etiqueta Negra (Galicia) e El Espectador (Madrid), e baixo a dirección artística de Luis Piedrahita, o festival ofrece shows únicos, producións propias que dan pé a que o público escache de risa sen parar e; por suposto, os espectáculos máis seguidos do momento.

Na súa segunda edición, festexada no ano 2022, o EMHU congregou a máis de 19.000 espectadores procedentes de dez países diferentes e de todas as idades. Esta primavera, entre o 28 de abril e o 7 de maio, terá lugar a terceira edición do evento, que quere sumar máis asistentes e acadar a consolidación como un dos eventos referenciais do entretemento en España.

O obxectivo do EMHU, ademais de facer rir ao público (e artistas), é crear un encontro cultural cidadá e interxeracional, cunha programación de actividades paralelas que, ademais das actuacións ao vivo, inclúe exposicións ou coloquios. Neste sentido, o festival, que conta co apoio do Concello da Coruña, da Xunta de Galicia e de Estrella Galicia, ten unha clara pretensión divulgativa: conferencias, mostras e mesas redondas de acceso libre brindarán á cidadanía a posibilidade de achegarse e descubrir tanto as vangardas artísticas estatais e internacionais coma as xoias do humorismo galego.



PROGRAMACIÓN EMHU 2023 | ESPECTÁCULOS

O EMHU aposta por unha programación que inclúe os mellores expoñentes a nivel nacional do sector do entretemento e da comedia. No festival conviven **espectáculos producidos exclusivamente para o festival**, e que non é posible gozar noutro evento, cos shows máis **demandados polo público**. O EMHU, ademais, é un marco propicio para a **estrea absoluta de novas creacións** que xirarán por escenarios de todo o país.



BUENISMO SHOW

28/04, 21:30 horas | Teatro Colón

Confesións, políticos corruptos e divas do pop. **Manuel Burque, Henar Álvarez e Quique Peinado** estrean Buenismo Show, un espectáculo baseado no programa de radio que presentan e no que os chistes disparan a rabia pa'riba. De seguro perderán as formas pero nunca a razón e, mentres aplaudades, dálles igual. Pasen e disfruten. *Bitch silence*



SIN DATOS NO HAY PARAÍSO

29/04, 17:00 horas | Teatro Colón

El Cejas, Car de Lorenzo, Xurxo Carreño e Anima-lize21 xuntan entre os catro máis de 20 millóns de seguidores. Cada un deles, por separado, son referentes en Instagram, en Youtube ou en Tiktok. Temos a ocasión de velos de novo no EMHU tras xirar por todo España co espectáculo que estrearon no festival hai un ano. Unha graduación teatral para catro dos artistas con máis proxección da actualidade.



HUMORIS CAUSA

29/04, 19:00 e 22:00 horas | Pazo da Ópera

Humoris Causa é un espectáculo sen precedentes. Creado expresamente para o EMHU, este ano conta con catro dos mellores humoristas deste país xuntos por primeira vez nun escenario. Este ano, a cita ineludible do EMHU contará con Javier Cansado, Dani Rovira, Eva Hache e Xosé A. Touriñán.



ESTIRANDO EL CHICLE EN UN CASTILLO

30/04, 16:00 horas | Castelo de San Antón

Estirando El Chicle é un podcast de comedia que xorde da necesidade de Victoria e Carolina de criticar todas as cousas que as indignan. Semana a semana e sobre un tema concreto, Carol e Vicky comparten experiencias e anécdotas con outras mulleres, fan crítica social, fáltanse ao respecto e cantan. Cantan fatal. No EMHU, achegáranse ao inmejorable marco do Castelo de San Antón para unha gravación especial do podcast.



IGNATIUS FARRAY: LA COMEDIA SALVÓ MI VIDA

30/04, 18:00 horas | Teatro Colón

Ignatius Farray, no seu show 'La comedia salvo mi vida', contará de corazón as súas vivencias e opinión coa fe de que a risa, antes ou despois, chegará. Con máis de 12 anos facendo Stand-up Comedy, segue pensando que ese é o estilo máis xenuíno e verdadeiro de facer comedia, precisamente pola implicación persoal que se supón que hai que ter coas cousas que se din ou se contan sobre o escenario.



AMIGOS HASTA LA MUERTE

(proxección de película e espectáculo)

30/04, 20:30 horas | Teatro Colón

Amigos hasta la muerte, a obra de teatro, verá a luz no cine este 2023 baixo a dirección de Javier Veiga. O reparto da película subirase ao Teatro Colón para un evento especial e único no EMHU, coa proxección da película, unha pequena actuación e un coloquio cos artistas da película. Capitaneados por Javier Veiga, poderemos velo a el, Marta Hazas, David Amor, Xosé A. Touriñán e Xoel López contando as desventuras de Nacho, Ángel e María. Un espectáculo de teatro único para un festival especial.



JUAN DÁVILA: LA CAPITAL DEL PECADO 2.0

01/05, 19:30 horas | Teatro Colón

Juan Dávila, o auténtico showman e o mesías da improvisación, volve co monólogo cómico do momento. Un espectáculo ideal para vir coa familia, se estás solteiro ou solteira, en parella, co teu grupo de amigas, se estás buscando novas oportunidades, ou algunha cita inesperada. Sábese como comeza, pero o final sempre o decide o público. Sé parte do imprevisible, vive o espectáculo máis falcatrueiro e atrevido do ano.



AS R(H)UMOROSAS

03/05, 19:30 horas | Sede Afundación

Logo de ducias de anos preguntándonos “Que din os rumorosos?”, **Carmen Méndez**, **Marta Dovi**ro e **Leticia Sola** preguntáanse “Que din as rumorosas?”. A través dun novo espectáculo de comedia, no que cantan, bailan e ata recitan, as tres actrices galegas comparten co público algunhas das súas respostas. E entre rumor e humor, tamén recordarán ás mulleres máis ilustres do país.



ANSIA VIVA

04/05, 21:00 horas | Auditorio Sede Afundación

Neste espectáculo, **Oswaldo Digón** mestura o seu estilo de cómico Stand-Up coa súa dilatada experiencia como improvisador teatral, creando unha experiencia diferente en cada data. Estará acompañado de Luis Tinaquero, guitarrista de renome e que porá música en directo ao show. ANSIA VIVA é un texto que fala con humor e liberdade da ansiedade, algo que todas e todos padecemos. Un formato de comedia novidoso para afrontar esta incerteza e preocupación.



JUAN BARRAZA: GARABATO CONTROLADO

05/05, 19:30 horas | Auditorio Sede Afundación

O arxentino **Juan Barraza** é un dos humoristas máis importantes do panorama internacional do Stand Up dende hai quince anos. Gravou especiais para a canle Comedy Central en seis oportunidades e ten cinco álbumes de comedia subidos a Spotify e demais plataformas dixitais. Chega ao EMHU a presentar en España Garabato controlado, o seu sexto espectáculo co que continúa a colleitar éxitos ao outro lado do charco.



LA RUINA

06/05, 12:00 horas | Teatro Colón

A Ruina é un show, conducido por **Ignasi Taltavull** e **Tomàs Fuentes**, no que tanto asistentes como invitados especiais comparten en público a súa anécdota máis embarazosa: aquela vez que a súa parella os deixou por WhatsApp, cando se durmiron nunha reunión importante, un malentendido cun taxista... A típica anécdota que os amigos sempre pides que conten nas ceas. Cun invitado especial para compartir as súas miserias, La Ruina promete ser un dos momentos máis inesquecibles deste EMHU 2023.



ANIMUS IOCANDI

06/05, 19:00 e 22:00 horas | Palexco

O Encontro Mundial de Humorismo regresa este 2023 a Palexco para estrear unha gala que vén para quedar. Con **Leo Harlem**, **Ana Morgade**, **Eva Soriano** e **Silvia Abril**, a gala Animus locandi xuntará sobre un mesmo escenario a catro dos artistas máis relevantes do momento. Presente e futuro da comedia farán estalar o auditorio en aplausos e risas nunha última cita ineludible e inesquecible antes da peche da edición deste ano.



FANTASTIC COLOFON

07/05, 20:00 horas | Teatro Colón

Fantastic Colofon é o espectáculo de clausura do EMHU, creado expresamente para o festival. Nel, **Carolina Iglesias**, **Pantomima Full** e **Luis Piedrahita** presentan un espectáculo único e exclusivo cheo de monólogos, sketches, gags e moitas sorpresas. Así, o EMHU pon o broche de ouro cunha gala no Teatro Colón de A Coruña na que, ademais de rir, entregaremos os Premios EMHU 2023 aos artistas gañadores deste ano.



PROGRAMACIÓN EMHU 2023 | ACTIVIDADES PARALELAS

Un dos obxectivos principais do EMHU é **achegar o mundo do humor a público de todas as idades**. Para iso, aposta por fomentar a súa vertente divulgativa. Exposicións e conversas arredor de Picasso, actuacións do alumnado da escola de improvisación local, proxeccións ou mesmo presentacións de programas de televisión son parte da actividade extendida do Encontro Mundial de Humorismo.



EL GUERNICA: UNA VIÑETA UNIVERSAL, HUMOR EN LA OSCURIDAD

28/04 - 30/06 | Casa Museo Picasso.
Todas as idades.

Coa colaboración do Instituto Quevedo do Humor e do Concello da Coruña, o EMHU propón unha mostra colectiva na que algúns dos lapis máis destacados do panorama nacional e internacional arroxan luz, coas súas viñetas, sobre o momento da historia recollido por Picasso nunha das súas obras máis míticas: o Guernica. Artistas como Mingote, Flavita Banana, Quino, Gallego y Rey ou Kap estarán presentes nunha exposición con pezas únicas.



PICASSO E A CARICATURA

28/04, 19:00 horas | Casa Museo Picasso.
Todas as idades.

Que é unha caricatura? Cando, como e onde naceu? Foi Picasso caricaturista? As deformacións faciais que fixo dos seus modelos gardan algunha relación? Na súa obra hai algo de caricatura? Que valoración facía o pintor desta arte? O gran Siro López regresa o EMHU para presentarnos un montón de dúbidas, mais chega disposto a resolvelas a través dun amplo arquivo de debuxos saídos del mesmo.



ESCUELA DE IMPRO CORUÑA

29/04, 12:30 horas | Afundación.
Todas as idades.

O alumnado do curso avanzado da escola da improvisación, dirixida por Oswaldo Digón e Víctor Grande, subirá por vez primeiras as táboas acompañado por rostros coñecidos da comedia. É unha honra para o EMHU poder axudar, incentivar e apoiar os talentos da comedia galega do futuro, e máis nun campo como é o da improvisación.



LA BANDA SONORA DE NUESTRA RISA

04/05, 19:30 horas | Teatro Colón.
Todas as idades.

A Banda Municipal da Coruña e o Encontro Mundial de Humorismo únense de novo para ofrecer un espectáculo musical único. Se ben o ano pasado percorreron os temas máis coñecidos da historia da televisión ou do circo, este ano a Banda Municipal, baixo a dirección de Juan Miguel Romero Llopis, reinterpretará himos xeracionais coas letras e explicacións dun narrador moi especial: Luis Piedrahita.



SHOWRIANO

05/05, 21:00 horas | Teatro Colón.
Todas as idades.

Movistar Plus+ presenta no EMHU unha das súas novas apostas televisivas desta primavera: Showriano, o programa de humor presentado por Eva Soriano e que se estreou na plataforma o pasado 1 de marzo. A presentación terá lugar no Teatro Colón e, entre outras sorpresas da noite, a cómica estará acompañada por Leo Harlem.



HORARIOS EHMU 2023

Venres 28 de abril

17:00 horas | Casa Picasso: *El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad* (apertura)

19:00 horas | Casa Picasso: Picasso e a caricatura (acceso libre ata completar capacidade)

21:30 horas | Teatro Colón: *Buenismo Show* (estrea en Galicia)

Sábado 29 de abril

12:30 horas | Afundación: *Escuela de Impro Coruña* (acceso libre ata completar capacidade)

17:00 horas | Teatro Colón: *Sin datos no hay paraíso*

19:00 horas | Pazo da Ópera: *Humoris Causa*

22:00 horas | Pazo da Ópera: *Humoris Causa*

Domingo 30 de abril

16:00 horas | Castelo de Santo Antón: *Estirando el chicle en un castillo*

18:00 horas | Teatro Colón: *Ignatius Farray: La comedia salvó mi vida*

20:30 horas | Teatro Colón: *Amigos hasta la muerte*

Luns 1 de maio

19:30 horas | Teatro Colón: *Juan Dávila: La capital del pecado* (estrea en Galicia)

Mércoles 3 de maio

19:30 horas | Afundación: *As R(h)umorosas* (estrea absoluta)

Xoves 4 de maio

19:30 horas | Teatro Colón: *La banda sonora de nuestra risa* (gratuíta previa retirada de convite en ataquilla.com)

21:00 horas | Afundación: *Ansia viva* (estrea absoluta)

Venres 5 de maio

19:30 horas | Afundación: *Juan Barraza: Garabato controlado* (estrea en España)

21:00 horas | Teatro Colón: *Showriano* (gratuíta previa retirada de convite en ataquilla.com)

Sábado 6 de maio

12:30 horas | Teatro Colón: *La Ruina*

19:00 horas | Palexco: *Animus locandi* (estrea absoluta)

22:00 horas | Palexco: *Animus locandi*

Domingo 7 de maio


20:00 horas | Teatro Colón: *Fantastic Colofon*

LOCALIZACIÓNS EHMU 2023

- Casa Museo Picasso
- Castelo de Santo Antón
- Pazo de Congresos e Exposicións da Coruña (Palexco)
- Pazo da Ópera
- Teatro Colón
- Sede de Afundación

ENTRADAS E CONVITES

Pódense retirar na web oficial do EMHU 2023 www.emhu.es ou na plataforma www.ataquilla.com





Contacto de prensa EMHU 2023

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

prensa@theofficeco.es

Acceso á **sala de prensa** de EMHU 2023